



1.2.- Cadro macroeconómico

■ A economía galega experimenta no 2014, por primeira vez dende o ano 2010, unha taxa de variación interanual do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado positiva, do 0,4%. Unha leve recuperación da actividade económica, moi inferior á rexistrada no conxunto do Estado (1,4%) e na zona euro (1,4%).

Os datos do cadro macroeconómico reflicten que Galicia presenta taxas de variación intertrimestrais positivas nos catro trimestres do ano 2014, do 0,1%, 0,3%, 0% e 0,1%, respectivamente. Así mesmo, os datos interanuais indican que a economía galega rompe coa tendencia de anos anteriores e encadea catro trimestres de crecemento interanual.

A recuperación da actividade mostra o seu efecto positivo no descenso do desemprego e no incremento das persoas afiliadas á Seguridade Social, aínda que se segue destruíndo emprego, con menos persoas ocupadas e menos persoas activas.

Análise macroeconómico da economía de Galicia

Dende o punto de vista da demanda, por primeiro ano dende o ano 2008, o consumo final aumenta en Galicia en relación ao ano anterior nun 0,5%, un incremento significativo fronte ao descenso do 2% rexistrado no ano anterior. Este incremento ven motivado tanto polo comportamento do consumo privado como polo público. Dunha banda, o gasto en consumo final dos fogares aumenta un 0,5% (-2,3% no ano 2013). Doutra, o gasto en consumo das Administracións Públicas aumenta a unha taxa interanual do 0,6% (-1,1% de redución no ano 2013) (**cadro 1.2.1.**).

O consumidor galego ten unha percepción menos pesimista en 2014, atendendo á evolución do indicador de confianza. No último ano este indicador sitúase nos -18,8 puntos, cando no ano precedente era de -34,4 puntos, no conxunto do Estado acada os -9,7 puntos e na UE-28, os -7,3. O indicador

PIB 2013-14: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2013	2014	2013				2014			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	-2,0	0,5	-5,0	-2,0	-1,3	0,6	0,3	0,5	1,1	0,2
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,3	0,5	-3,9	-2,5	-1,9	-0,7	0,0	0,4	0,8	0,9
Gasto en consumo final das AA.PP.	-1,1	0,6	-8,2	-0,5	0,7	4,2	1,2	0,8	2,0	-1,5
Formación bruta de capital fixo	-2,7	1,3	-1,7	-3,2	-3,3	-2,7	0,2	1,2	1,6	2,0
Exportacións de bens e servizos	11,6	1,2	8,5	15,9	13,7	8,4	5,7	0,6	-1,8	0,7
Importacións de bens e servizos	9,0	1,7	2,6	13,6	11,6	8,3	5,7	0,8	-0,4	0,9
PIB a prezos de mercado	-1,0	0,4	-1,8	-1,4	-0,8	-0,1	0,2	0,5	0,4	0,4
Ramas agraria e pesqueira	-0,6	1,1	-2,9	-0,6	-0,2	1,1	0,9	2,4	0,9	0,4
Ramas industriais	1,9	-2,5	3,8	2,2	1,0	0,4	-2,9	-2,1	-3,0	-1,9
Construción	-4,3	-1,7	-4,5	-4,5	-3,6	-4,8	-2,9	-2,2	-1,3	-0,2
Ramas dos servizos	-1,3	1,5	-3,0	-1,6	-0,6	-0,1	1,7	1,5	1,5	1,4
Impostos netos sobre os produtos	-1,2	0,0	-1,5	-1,0	-0,9	-1,6	0,5	-0,3	0,1	-0,1

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008

1.2.1.

de confianza do consumidor toma valores entre (-100) e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e (-100) con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen aos valores extremos.

Outros indicadores que mostran a evolución do consumo das familias son o positivo índice de vendas do comercio polo miúdo. Nas importacións, a decembro de 2014, os prezos de bens de consumo permaneceron estables respecto ao mes de decembro de 2013. Pola súa banda, a variación interanual dos prezos de bens intermedios e de capital foi negativa (-8,1% e -17,16%, respectivamente).

No que ao investimento se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a formación bruta de capital experimentou no ano 2014 un crecemento do 1,3%, cando no ano precedente reducírase nun 2,7%. Os datos trimestrais mostran que este crecemento do investimento ten maior impulso no segundo semestre, situándose no 1,6% e no 2%, respectivamente, no terceiro e cuarto trimestres do ano. A nivel estatal, o crecemento da formación bruta de capital ten unha maior intensidade, acadando unha

taxa interanual do 3,4% (na zona euro medra o 1%).

En relación ao investimento en bens de equipo, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, en base aos datos de variación media anual do índice de produción industrial, este reduciuse no ano 2014 un 11,2% respecto ao ano 2013 (aumenta en España un 2,3%). Por contra, fronte ao descenso de máis do 13% nas importacións de bens de equipamento en 2013, no ano 2014 este descenso moderouse ata o 1,6%.


A licitación oficial pública segundo data de anuncio rexistrou en Galicia un repunte no ano 2014, cun crecemento próximo ao 36% (cae un 55% no ano anterior), por mor da licitación da Administración Xeral do Estado, que medra un 56%, e da Administración Local, que se incrementa nun 43%. Por contra, o importe da licitación pública da Administración Autonómica cae un 12,2%.

No que respecta ao sector exterior, os datos do cadro macroeconómico reflicten unha apreciable moderación no crecemento tanto das exportacións como das importacións de bens e servizos. Os incrementos experimen-





PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2005-14



(1) PIBpm; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 04-03-2015)
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008

1.2.2.

tados foron, en termos reais, do 1,2% e o 1,7%, respectivamente (11,6% e 9% de medra no ano anterior). A partir da información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, dedúcese que a redución das exportacións/expedicións, excluído o resto do territorio español, foi no ano 2014 de máis de 933 millóns de euros, consecuencia da redución das exportacións galegas a países fora da UE. No que respecta ás importacións/introducións, estas reducíronse en case 131 millóns de euros. As importacións de terceiros países tamén se reducen, xa que as procedentes da UE aumentan no último ano.

Finalmente, destaca que, na actual situación de recuperación da actividade económica, a achega ao crecemento agregado da demanda interna e externa en Galicia é inferior á media estatal. Como se deduce do **cadro 1.2.1.**, a demanda interna achega 0,7 puntos ao crecemento do PIB, fronte ao sector exterior que detrae 0,3 décimas porcentuais (2,2 e -0,8 puntos no conxunto do Estado).

No que respecta á evolución e caída do tipo

de xuro, desde o comezo da crise económica cómpre sinalar que a paralización dos mercados monetarios levou ao Banco Central Europeo a adoptar medidas monetarias non convencionais, como as providións extraordinarias de liquidez, a redución de tipos de xuro ou os programas de compras de activos, para cumprir o obxectivo fundamental do BCE e enfrontar os riscos dunha situación prolongada de baixa inflación.

• Agregados da oferta

A análise do cadro macroeconómico dende a óptica da oferta indica que as ramas dos servizos, a construción e as ramas primarias mostran, a nivel agregado, un mellor comportamento no ano 2014 que no ano anterior, mentres que a industria rexistra taxas de crecemento negativas cando no ano 2013 medraban a unha taxa do 1,9%.

A construción reflicte novamente unha taxa negativa de variación do seu valor engadido bruto (VEB), cun 1,7% menos, seguindo a senda de reducións continuadas dende o ano 2009. A pesar desta tendencia negativa, cómpre destacar que a contracción do



Consumo e investimento en Galicia e España 2013-14: principais indicadores


	Galicia		España	
	2013	2014	2013	2014
<i>(taxas de variación interanual)</i>				
Consumo				
Índice de vendas do comercio polo miúdo	-3,4	-0,2	-2,4	0,5
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(prezos constantes)</i>	-4,9	0,0	-3,9	0,9
Producción de bens de consumo	6,7	-1,7	-2,2	2,0
Producción de bens de consumo duradeiro	-10,7	-7,2	-12,1	-1,6
Producción de bens de consumo non duradeiro	7,8	-1,4	-1,2	2,3
Importación de bens de consumo	-2,5	-1,0	-2,2	4,9
Ocupación hoteleira	3,6	3,8	1,9	3,3
Gasto de Administracións Públicas	-1,1	0,6	-2,9	0,1
Investimento				
Producción de bens de equipo <i>(índice de produción industrial)</i>	0,6	-11,2	1,2	1,4
Importacións de bens de equipo	-13,6	1,6	-1,2	8,3
Licitación pública				
Total	-55,4	35,8	22,8	42,9
Administración Xeral do Estado	-73,6	55,9	46,5	56,3
Administración autonómica	80,9	-12,2	11,7	12,4
Administracións locais	55,5	43,4	7,1	51,0
Expectativas do consumidor (1)				
Indicador de confianza do consumidor	-34,4	-18,8		
Situación financeira persoal	-17,6	-10,7		
Situación económica de Galicia <i>(saldo medio das respostas)</i>	-43,3	-17,3		
Capacidade de aforro	-31,7	-29,1		
Desemprego	-45,0	-18,3		

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

1.2.3.

Tipos de xuros 2008-14 (1)



(1) datos do mes de decembro de cada ano; os datos de 2014 son provisionais

(2) préstamos, distintos de préstamos renovables e descubertos ou saldos de tarxetas de crédito, concedidos para fins como negocios, consolidación da débeda, educación, etc.

Fonte: Banco de España

1.2.4.



Asignación funcional da renda 2008-14 ⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados ⁽²⁾	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta ⁽³⁾	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
(en millóns de euros)				
2008	27.163,9	25.892,5	4.792,1	57.848,5
2009	27.130,6	24.599,7	4.735,4	56.465,7
2010	26.533,2	24.747,8	5.245,1	56.526,1
2011	25.911,0	24.704,1	5.255,6	55.870,6
2012	24.455,0	24.428,9	5.349,0	54.232,9
2013	24.160,1	24.653,2	5.499,7	54.313,0
2014	24.238,2	24.442,3	5.532,2	54.212,7
(% / PIB)				
2008	47,0	44,8	8,3	100
2009	48,0	43,6	8,4	100
2010	46,9	43,8	9,3	100
2011	46,4	44,2	9,4	100
2012	45,1	45,0	9,9	100
2013	44,5	45,4	10,1	100
2014	44,7	45,1	10,2	100

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-05-2015)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fábase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008

1.2.5.

VEB no ano 2014 é a menor desde o ano 2009.

Os servizos presentan no ano 2014 unha taxa positiva de variación do seu valor engadido do 1,5%, fronte ao descenso do 1,3% do ano anterior. Os subsectores de "actividades profesionais" incrementan o seu valor engadido no 3,9% no ano 2014 en relación ao ano anterior, e as "actividades artísticas, recreativas e outros servizos" e as de "información e comunicacións" experimentan crecementos superiores ao 2%.

Ao longo do ano, os datos recollidos no devandito **cadro 1.2.1.** amosan que o sector industrial presenta taxas de variación interanual negativas nos catro trimestres, a igual que o sector da construción. Por contra, o valor engadido bruto nos servizos e no sector primario presenta taxas de crecemento positivas nos catro trimestres do ano.


● Distribución da renda

No ano 2014, por primeira vez dende o comezo da crise económica, se incrementa a remuneración dos empregadores aos seus asalariados, un 0,3% en relación ao ano anterior. Por tanto, e dado a redución do valor absoluto do PIB galego a prezos de mercado, o peso da remuneración de asalariados no PIB aumenta en dúas décimas no ano 2014, mentres diminúe en tres décimas o peso do excedente bruto de explotación/rendas mixtas. En termos nominais, 2014 presenta un crecemento do 0,3% da remuneración salarial, unha redución da actividade produtiva do 0,2% (en termos de PIB nominal prezos correntes) e unha caída do 0,9% dos beneficios empresariais (en termos de excedente de explotación bruto/renda mixta bruta).

No que respecta á distribución da renda no período 2008-2014, a participación dos asa-



Produtividade aparente real, remuneración por asalariado real e custo laboral unitario real en Galicia e España 2008-14



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.6.

lariados na renda diminúe en 2,2 puntos porcentuais, pasando do 47% no ano 2008 ao 44,7% no 2014. Pola contra, o peso dos beneficios, en termos de excedente bruto de explotación/rendas mixtas, increméntase en 0,3 puntos porcentuais, pasando do 44,8% ao 45,1% no 2014.

A redución continuada do peso da remuneración dos asalariados e o crecemento continuo do peso dos excedentes brutos de explotación provocan que o peso sobre o PIB das remuneracións salariais sexa por segundo ano consecutivo menor que o dos excedentes de explotación.

A taxa de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) a decembro de 2014

foi do -1%, cando en decembro de 2013 este índice situouse no 0,5%. A evolución ao longo do ano amosa unha tendencia decrecente, acadando taxas de variación negativas no segundo semestre do ano.

O aumento salarial medio pactado en Galicia experimentou unha medra do 0,99%, tres décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa similar á media estatal (0,47% fronte ao 0,45% de aumento medio en España), sendo superior no caso dos convenios doutro ámbito (1,13% fronte ao 0,58% a nivel estatal).

A evolución da importancia relativa da po-
boación asalariada no conxunto do em-



IPC xeral nas CC.AA. 2012-14 ⁽¹⁾

	2012	2013	2014
	<i>(taxas de variación interanual)</i>		
Andalucía	2,6	0,3	-1,2
Aragón	2,7	0,2	-1,2
Asturias	2,6	0,2	-1,1
Baleares	3,1	0,5	-0,8
Canarias	2,5	-0,4	-1,1
Cantabria	3,6	0,6	-1,3
Castela e León	3,1	0,5	-1,2
Castela-A Mancha	2,7	0,2	-1,5
Cataluña	3,6	0,2	-0,7
C. Valenciana	3,0	0,2	-1,2
Extremadura	2,8	0,0	-1,2
Galicia	2,6	0,5	-1,0
A Coruña	2,4	0,6	-1,1
Lugo	3,0	0,5	-1,3
Ourense	2,9	0,4	-1,1
Pontevedra	2,6	0,5	-0,9
Madrid	2,5	0,2	-1,1
Murcia	2,9	0,4	-1,3
Navarra	2,7	0,0	-1,2
Pais Vasco	2,7	0,6	-0,7
A Ríoxa	2,8	0,1	-0,9
Ceuta	2,2	-0,1	-0,5
Melilla	1,6	-0,4	-0,6
Total	2,9	0,3	-1,0

(1) datos no mes de decembro de cada ano
Fonte: INE, *Índice de precios de consumo*

■ 1.2.7.

prego, medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, mostra, segundo os datos das Contas Económicas, que en 2014 os 763.538 asalariados equivalentes a tempo completo, o 83,7% do total, distribúense o 44,7% da renda.

A análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por ocupado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **cadro 1.2.6.**, o CLUR continúa caendo en Galicia fronte a un incremento no conxunto do Estado.

Á hora de estudar a evolución do CLUR débese ter en conta que o incremento da re-

muneración de asalariados no último ano é moito máis intensa no conxunto do Estado (1,3%) que en Galicia (0,3%) e, por outra banda, o crecemento da produtividade aparente prodúcese en Galicia polo redución do emprego no último ano, fronte ao incremento da ocupación a nivel Estatal que favorece a redución da produtividade aparente.


● Inflación

No ano 2014 continúa a tendencia descendente da inflación galega iniciada no segundo semestre do ano 2011. A partir de xullo do ano 2014, as taxas interanuais de variación do IPC pasan a ser negativas, o que non acontecía dende outubro do ano 2009. A taxa de variación interanual en decembro de 2014 en Galicia é do -1%, igual que no conxunto do Estado. Nos países da zona euro a taxa interanual a decembro foi tamén negativa, situouse no -0,1%.




IPC en Galicia e España 2013-14

IPC xeral



IPC subxacente



Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.8.

IPC en Galicia e España 2013-14: distribución segundo grupos

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
(taxas de variación interanual)				
Xeral	0,5	0,3	-1,0	-1,0
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,5	1,2	0,1	-0,3
Bebidas alcohólicas e tabaco	5,0	5,6	-0,4	0,4
Vestido e calzado	0,1	0,0	0,4	0,2
Vivenda	0,4	0,0	-0,9	-0,2
Enxoval	0,5	-0,2	-1,3	-0,6
Medicina	1,6	0,0	-0,2	-0,2
Transporte	1,1	1,0	-4,2	-5,5
Comunicacións	-6,6	-6,6	-5,7	-5,7
Ocio e cultura	-0,7	-1,2	-1,8	-1,2
Ensino	1,6	1,9	1,0	1,2
Hoteis, cafés e restaurantes	0,5	0,2	0,5	0,6
Outros bens e servizos	-0,1	0,3	0,7	1,3

Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.9.





IPC en Galicia e España 2013-14: distribución segundo produtos

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxas de variación media anuais)			
Índice xeral	0,5	0,3	-1,0	-1,0
Cereais e derivados	2,1	1,2	-0,8	-0,8
Pan	0,2	-0,3	0,5	0,1
Carne de vacún	1,3	0,0	0,8	-0,5
Carne de ovino	-4,3	-6,3	4,4	3,9
Carne de porcino	-1,7	-0,9	-4,6	-2,7
Carne de ave	0,9	-1,0	1,1	-2,1
Outras carnes	2,9	2,0	0,0	0,5
Peixe fresco e conxelado	0,8	-0,2	6,6	5,6
Crustáceos, moluscos e preparados de pescado	3,8	3,9	1,4	1,3
Ovos	-0,6	-3,6	-3,1	-3,1
Leite	3,1	5,5	1,3	-0,3
Productos lácteos	-1,9	-1,5	-0,2	-0,2
Aceites e graxas	-2,8	3,2	-3,3	-4,4
Froitas frescas	5,2	2,4	0,1	3,0
Froitas en conserva e frutos secos	5,5	5,5	0,5	3,6
Legumes e hortalizas frescas	5,1	2,8	-3,3	-6,5
Preparados de legumes e hortalizas	1,5	3,1	4,0	0,2
Patacas e os seus preparados	5,6	3,3	-11,6	-12,9
Café, cacao e infusións	-3,9	-1,0	1,0	-1,4
Sucre	-3,3	-3,4	-21,3	-17,5
Outros preparados alimenticios	1,1	1,0	-0,8	-0,7
Augua mineral, refrescos e zumes	1,1	1,8	0,3	0,1
Bebidas alcólicas	1,5	1,2	-2,5	-1,2
Tabaco	6,7	7,3	0,8	1,0
Prendas de vestir de home	0,7	-0,1	0,0	0,5
Prendas de vestir de muller	-0,7	-0,3	0,8	0,0
Prendas de vestir de neno e bebé	0,0	0,0	0,3	0,1
Complementos e reparacións de prendas de vestir	-0,8	0,4	-1,1	1,1
Calzado de home	1,2	0,3	0,0	0,0
Calzado de muller	0,6	0,6	1,0	0,6
Calzado de neno	1,0	0,4	0,3	0,1
Reparación de calzado	1,4	1,7	0,3	1,0
Vivenda en aluguer	0,8	-0,5	-0,2	-0,7
Calefacción, alumeado e distribución de auga	-0,6	-0,5	-2,1	-0,5
Conservación da vivenda	2,4	1,4	1,1	0,8
Mobles e revestimentos de solo	0,4	0,1	-1,8	-0,3
Textís e accesorios para o fogar	-1,8	-1,6	-2,4	-1,9
Electrodomesticos e reparacións	-0,5	-2,3	-3,9	-3,2
Utensilios e ferramentas para o fogar	1,1	0,3	-1,0	-0,2
Artigos non duradeiros para o fogar	-0,4	0,2	-0,6	-0,2
Servizos para o fogar	3,3	1,6	1,7	1,7
Servizos médicos e semellantes	1,0	1,9	1,3	2,2
Medicamentos e material terapéutico	2,9	-0,5	-1,0	-0,7
Transporte personal	0,7	0,6	-3,9	-5,4
Transporte público urbán	3,6	3,7	1,7	1,2
Transporte público interurbán	2,8	2,6	1,8	1,4
Comunicacións	-6,6	-6,6	-5,7	-5,7
Obxectos recreativos	-4,1	-4,3	-5,6	-5,1
Publicacións	0,8	0,9	0,2	0,5
Esparcimento	2,0	-0,4	-2,6	-1,8
Educación infantil e primaria	2,0	1,2	1,2	1,4
Educación secundaria	2,5	1,2	0,7	1,4
Educación universitaria	1,1	3,2	1,1	1,4
Outros gastos de ensinanza	1,3	1,1	0,9	0,3
Artículos de uso persoal	-0,6	-0,2	-0,5	-0,1
Turismo e hostalería	0,6	0,2	0,9	1,0
Outros benes e servizos	-0,1	-0,4	0,8	0,8

Fonte: INE

1.2.10.



Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2014 ⁽¹⁾: distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
(taxas de variación interanual)							
Andalucía	-6,3	5,3	-0,3	5,6	0,0	-3,8	-19,8
Aragón	-2,5	-0,6	1,4	-1,5	0,9	-1,8	-15,9
Asturias	-4,1	-1,6	0,5	-1,8	0,5	0,9	-12,1
Baleares	-8,2	-0,8	1,7	-1,2	0,4	-1,6	-14,0
Canarias	-14,5	0,7	0,6	0,7	-0,9	-0,1	-20,2
Cantabria	-1,7	0,7	3,2	0,0	-0,1	-0,9	-11,0
Castela e León	-1,4	-1,2	2,1	-1,3	-0,3	-0,5	-9,1
Castela-A Mancha	-6,4	-0,4	0,0	-0,4	1,7	-0,1	-20,6
Cataluña	-3,9	0,0	1,7	-0,1	0,8	-1,3	-15,3
C. Valenciana	-2,5	-0,2	0,5	-0,3	0,0	-0,2	-16,1
Extremadura	-0,7	-0,4	1,1	-0,5	0,8	0,2	-5,6
Galicia	-3,9	-0,2	0,3	-0,3	0,0	0,2	-19,8
Madrid	1,0	1,0	0,8	1,1	0,6	0,7	1,3
Murcia	-6,1	-2,2	0,8	-2,6	0,9	0,7	-18,1
Navarra	-0,9	0,0	4,1	-0,4	-0,8	0,1	-9,3
País Vasco	-4,9	-1,3	-0,4	-1,6	2,9	-0,6	-16,3
A Ríoxa	-0,5	1,0	-2,6	1,3	0,0	-0,6	-6,0
Total	-3,6	0,4	0,8	0,4	0,6	-0,8	-13,4

(1) datos no mes de decembro
Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

■ 1.2.11.

A nivel provincial, todas as provincias galegas presentan taxas negativas de variación interanual do IPC no mes de decembro, do -0,9 na provincia de Pontevedra, do -1,1% en Ourense e A Coruña e do -1,3% en Lugo.

Os axentes máis deflacionistas no ano 2014 (taxa de variación a decembro), tanto en Galicia como no conxunto do Estado, son os integrados nos grupos de comunicacións (-5,7%) e transporte (-4,2% en Galicia e -5,5% en España). En Galicia o incremento máis acusado rexístrase no ensino cun 1%, seguido doutros bens e servizos (0,7%), hoteis, cafés e restaurantes (0,5%), vestido e calzado (0,4%) e do grupo das bebidas alcohólicas e tabaco (0,1%).

Atendendo á súa distribución segundo produtos, cómpre salientar a forte baixada no prezo do sucre, co 21,3% menos de media anual, así como das patacas e os seus preparados, co 11,6% menos. No ano 2014 son escasos os produtos que incrementan o seu

índice xeral de prezos e, en todo caso, os incrementos son moderados, salientando neste ámbito o peixe fresco e conxelado, co 6,6% de aumento, e a carne de ovino, cun incremento medio do 4,4%.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) contívose novamente no ano 2014, presentando taxas de variación negativas, en Galicia, nos meses de xaneiro, xullo e decembro.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.11.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) a decembro de 2014 rexistrou unha caída do 3,9%, tres décimas superior á que se rexistra no conxunto do Estado, a consecuencia, fundamentalmente, un ano máis, do impacto da evolución experimentada no caso dos bens enerxéticos. Tan só os bens intermedios e de consumo duradeiro presentan taxas de variación positivas en Galicia (0,2% e 0,3%, respectivamente), permane-





Aumento salarial pactado en Galicia e España 2007-2014

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
	(%)							
Galicia								
Convenios totais	4,95	4,19	3,25	2,64	2,57	2,19	0,66	0,99
Convenios de empresa	3,82	3,43	2,44	2,22	2,20	1,26	1,69	0,47
Convenios doutro ámbito	5,11	4,29	3,34	2,69	2,63	2,51	0,53	1,13
España								
Convenios totais	1,00	3,00	1,96	2,24	2,17	1,13	0,57	0,57
Convenios de empresa	3,43	3,00	2,12	1,86	2,04	1,40	0,37	0,45
Convenios doutro ámbito	4,11	3,00	1,94	2,29	2,19	1,08	0,58	0,58

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

1.2.12.

cendo constante no caso dos bens de equipamento. A enerxía, cunha caída do 19,8% en taxa interanual no mes de decembro, é o que presenta un maior descenso, seguida dos bens de consumo non duradeiro, que caen un 0,3%.

● Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 0,99%, tres décimas superior ao incremento rexistrado no ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.2.12.** amosa que o aumento salarial pactado nos mesmos foi do 0,47% e do 1,13%, respectivamente. Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa lixeiramente superior ao do conxunto do Estado (0,47% fronte ao 0,45% de media no Estado), e moi superior no caso dos convenios doutro ámbito (1,13% en Galicia e 0,58% en España).

O custo laboral é o custo total no que incorre un empregador pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os chamados "outros custos" (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). O custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2014 unha medra do 0,1%, (fronte a unha redución do 0,3% de media no Estado), a pesar do que se mantivo por baixo do custo

medio estatal. Segundo reflicte a *Enquisa trimestral do mercado laboral* (INE), o custo laboral medio ascendeu en Galicia a 2.261,39 euros (un 10,8% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só por riba de Extremadura (2.102,16 euros) e Canarias (2.125,12 euros por traballador e mes).

Tanto en Galicia como en España, o sector de actividade cos custos laborais máis elevados foi novamente a industria, cunha media de 2.597,31 euros en Galicia, o 85,3% da media estatal (**cadro 1.2.13.**). Séguenlle a construción, cun custo laboral medio de 2.442,87 euros (o 90,6% do custo medio estatal) e os servizos, cun custo medio de 2.161,26 euros (o 89% do custo medio en España).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Extremadura, Canarias, Murcia e Castela e León. Tras un incremento do 1%, fronte á estabilidade no conxunto de España, estas ganancias acadaron no último ano os 1.461,20 euros, 172,45 euros menos que a media estatal.

En relación ao tempo de traballo, o número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo



Custos laborais en Galicia e España 2013-14: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

	2013							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.260,18	2.695,96	2.416,41	2.148,67	2.544,14	3.005,94	2.702,31	2.379,63
Custo salarial total	1.656,02	1.948,68	1.639,81	1.590,58	1.883,76	2.214,01	1.882,95	1.749,09
Custo salarial ordinario	1.447,25	1.686,01	1.428,51	1.404,88	1.633,71	1.860,47	1.612,69	1.584,88
Outros custos	604,16	747,28	776,60	558,09	660,38	791,93	819,37	630,54
Custo por percepción non salariais	85,30	126,39	183,77	70,79	96,26	116,11	177,44	85,63
Custo por cotizacións obrigatorias	528,23	630,92	602,34	496,74	574,76	687,73	651,56	553,48
Subvencións e bonificacións da S. Social	9,38	10,05	9,50	9,43	10,65	11,92	9,64	8,58
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,16	18,87	17,03	16,69	19,64	21,82	18,94	19,24
Custo salarial total por hora	12,57	13,73	11,57	12,35	14,54	16,08	13,19	14,33
Custos salarial ordinario por hora	10,98	11,60	10,08	10,91	12,62	13,52	11,31	12,54
Outros custos por hora	4,59	5,14	5,46	4,34	5,10	5,75	5,75	4,91

	2014							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.261,39	2.597,31	2.442,87	2.161,26	2.535,99	3.044,88	2.696,29	2.428,98
Custo salarial total	1.654,01	1.903,99	1.693,26	1.588,41	1.881,91	2.247,64	1.895,45	1.811,80
Custo salarial ordinario	1.461,20	1.605,01	1.489,53	1.422,89	1.633,65	1.893,03	1.628,20	1.584,91
Outros custos	607,38	693,33	749,61	572,86	654,08	797,25	800,84	617,18
Custo por percepción non salariais	78,15	80,27	121,31	73,58	81,32	100,62	140,26	73,73
Custo por cotizacións obrigatorias	539,48	622,83	636,35	509,86	583,78	707,77	670,91	554,50
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,25	9,77	8,04	10,58	11,03	11,14	10,33	11,05
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,10	18,62	16,78	16,72	19,66	21,93	18,84	19,25
Custo salarial total por hora	12,50	13,66	11,63	12,29	14,59	16,19	13,24	14,36
Custos salarial ordinario por hora	11,05	11,51	10,22	11,01	12,67	13,64	11,38	12,57
Outros custos por hora	4,60	4,97	5,15	4,44	5,07	5,74	5,60	4,89

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

1.2.13.

como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, acadan en Galicia no ano 2014 as 132,4 horas (131,9 no ano anterior), fronte ás 129,2 horas no conxunto do Estado (129,7 horas no ano 2013). Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 146,3 horas efectivamente traballadas (144,9 horas de media en España) e os traballadores a tempo parcial, un total de 78 horas ao mes (77 horas no conxunto do Estado).

Seguindo a tendencia de anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

Asociado á redución do número de horas efectivamente traballadas no ano 2014 en

relación ao ano anterior, o custo total por hora cae un 0,4%, acadando un valor monetario de 17,10 euros, fronte aos 17,16 euros do ano anterior (19,66 euros de media en España, fronte aos 19,64 euros do ano 2013). O custo salarial ordinario por hora medra un 0,6%, situándose tamén por baixo da media estatal (11,05 euros e 12,67 euros, respectivamente).

● Mercado de traballo e produtividade

Tal como se analiza con máis detemento no capítulo 2 desta Memoria, a recuperación da actividade económica, cun incremento do PIB real do 0,4% no ano 2014, non repercutiu de forma contundente no mercado de traballo, agás no que respecta á redución do 3,1% na poboación parada estimada, así





Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2013-14: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2013								
	Total		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	150,4	153,1	162,8	164,1	163,7	166,4	147,1	148,8
Traballadores a tempo completo	168,5	169,2	170,1	171,2	170,8	170,9	167,8	168,4
Traballadores a tempo parcial	86,7	87,7	88,2	100,1	83,5	70,0	86,7	86,7
Horas pagadas								
Total traballadores	150,7	153,1	163,4	164,8	164,0	166,5	147,2	148,8
Traballadores a tempo completo	168,8	169,3	170,8	172,0	171,1	170,9	168,1	168,3
Traballadores a tempo parcial	86,9	87,7	88,2	100,1	83,4	69,7	86,9	86,7
Horas efectivas								
Total traballadores	129,7	131,9	138,1	139,6	142,7	141,9	127,1	128,9
Traballadores a tempo completo	144,8	145,2	144,0	145,2	148,8	145,6	144,5	145,2
Traballadores a tempo parcial	76,8	78,0	78,0	89,2	74,6	62,6	76,8	77,1
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,2	21,6	25,7	25,6	21,4	24,8	20,4	20,3
Traballadores a tempo completo	24,3	24,5	27,2	27,2	22,6	25,6	23,8	23,6
Traballadores a tempo parcial	10,2	9,9	10,4	10,9	8,8	7,4	10,2	9,8
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,5	0,4	0,9	0,9	0,5	0,3	0,4	0,3
Traballadores a tempo completo	0,6	0,5	1,0	1,0	0,5	0,3	0,5	0,4
Traballadores a tempo parcial	0,2	0,1	0,1	0,0	0,0	-	0,2	0,1

2014								
	Total		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	149,6	152,8	163,1	163,8	163,2	167,3	146,2	148,7
Traballadores a tempo completo	168,5	169,2	170,4	171,4	170,9	171,3	167,9	168,3
Traballadores a tempo parcial	86,9	88,1	90,2	95,1	80,6	64,2	86,8	87,7
Horas pagadas								
Total traballadores	149,9	152,9	163,9	164,2	163,6	167,6	146,3	148,8
Traballadores a tempo completo	168,8	169,3	171,2	171,9	171,3	171,6	168,1	168,3
Traballadores a tempo parcial	87,2	88,3	90,3	95,1	80,5	64,2	87,1	88,0
Horas efectivas								
Total traballadores	129,2	132,4	139,2	139,6	143,2	145,7	126,3	129,4
Traballadores a tempo completo	144,9	146,3	145,1	145,8	149,8	149,2	144,5	146,1
Traballadores a tempo parcial	77,0	78,0	80,3	85,1	72,7	57,8	76,9	77,5
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,0	20,8	25,0	25,2	20,5	22,0	20,3	19,6
Traballadores a tempo completo	24,3	23,5	26,5	26,9	21,7	22,6	24,0	22,5
Traballadores a tempo parcial	10,2	10,4	10,1	10,1	7,9	6,4	10,3	10,5
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,6	0,4	1,0	0,7	0,5	0,4	0,5	0,3
Traballadores a tempo completo	0,6	0,4	1,1	0,7	0,6	0,4	0,5	0,3
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,3	0,2	0,0	0,0	-	0,4	0,3

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

1.2.14.

como no incremento do 0,5% da poboación afiliada á Seguridade Social. Fronte a esta melloría, no ano 2014 continúa o descenso da poboación ocupada, un 0,8% menos, e na poboación activa, un 1,3%.

cuperación da actividade económica non impide unha nova redución na taxa de ocupación. Esta sitúase no 42,1%, inferior en case tres puntos porcentuais á taxa de ocupación media do conxunto do Estado.

Ao longo do exercicio 2014, a devandita re-

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos



Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2013-14: distribución segundo sectores

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
<i>(prezos correntes, en miles de euros)</i>				
Producción				
PIB pm	54.770,2	1.049.181	54.658,4	1.058.469
VEB sector primario	2.543,8	26.578	2.432,7	24.050
VEB industria	10.311,7	168.603	9.963,8	169.077
VEB construción	3.567,0	55.070	3.423,9	53.672
VEB servizos	33.612,4	708.220	34.017,0	718.311
Emprego equivalente a tempo completo	<i>(en número)</i>	<i>(en miles)</i>	<i>(en número)</i>	<i>(en miles)</i>
Total	914.439	16.350,9	911.914	16.540,00
Sector primario	72.928	692,2	65.569	691,9
Industria	138.374	2.169,3	136.461	2.178,8
Construción	71.674	950,7	71.000	925,9
Servizos	631.463	12.538,7	638.884	12.743,4
Produtividade aparente	<i>(prezos correntes, en miles de euros / ocupado)</i>			
Total	59,89	64,17	59,94	63,99
Sector primario	34,88	38,40	37,10	34,76
Industria	74,52	77,72	73,02	77,60
Construción	49,77	57,93	48,22	57,97
Servizos	53,23	56,48	53,24	56,37
Produtividade aparente	<i>(prezos correntes, % G/E)</i>			
Total	93,34		93,66	
Sector primario	90,85		106,74	
Industria	95,88		94,09	
Construción	85,91		83,19	
Servizos	94,24		94,46	

(1) datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 30-03-2015)

Fonte: INE, Contabilidad regional de España. Base 2010 e IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008

1.2.15.

correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, volveu a medrar no 2014 en Galicia, fronte ao descenso de media en España. No conxunto da economía galega a medra foi dun 0,1%, fronte ao descenso do 0,3% da produtividade media española. A comunidade galega presenta incrementos da produtividade aparente exclusivamente no sector primario, fronte aos descensos na industria e construción e á estabilidade no sector servizos.

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 93,66% da media estatal, tres décimas por riba da media do ano anterior. Como indica o **cadro 1.2.15.**, as produtividades aparentes do emprego de todos os sectores de Galicia, agás o sector primario, seguen por debaixo da media estatal.

Xunto ao descenso da ocupación e do desemprego, o **cadro 1.1.11.** [*Mercado de traballo en Galicia e España 2013-14*] reflicte a importante caída do número de traballadores afectados por procedementos de regulación de emprego (43,9% menos que no ano anterior), así como un incremento do 0,2%, no número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón (0,8% en España) e un descenso do 0,2% no número de sociedades mercantís creadas no último ano, fronte ao incremento do 0,8% de media estatal.

Marco orzamentario

Os Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobados en decembro pola Lei 11/2014, de Orzamentos Xerais para 2015, aséntanse na previsión dun escenario macroeconómico que estima un crecemento para 2015 similar ao nacional. Estas previ-





sións susténtase na recuperación do sector industrial, nun bo comportamento tanto das exportacións como do gasto das administracións, o que se prevé compense o peor comportamento da demanda interna en Galicia, en comparación coa media estatal.

Ao abeiro da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, acordouse un límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da C.A. para o exercicio 2015, de 8.481 millóns de euros. Porén, o gasto non financeiro consolidado de 2015 supón unha suba do 0,54% en relación ao orzamento de 2014 (44 millóns de euros máis).

Os ingresos totais consignados no Orzamento de 2015 ascenden a 9.736 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 8.022 millóns de euros.

A asignación financeira do Orzamento de 2015 prioriza os gastos atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020, que se segue empregando, xa que o novo plan estratéxico será plenamente coherente co que rematou no pasado 2014, así como co novo período de programación dos fondos europeos.

Neste senso, os Orzamentos para o exercicio 2015 pretenden ser coherentes cos cinco obxectivos que a UE ten por obxecto acadar no 2020:

- Acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.
- Investir un 3% do PIB na investigación e o desenvolvemento.
- Reducir nun 20% as emisións de carbono e aumentar o consumo de enerxías renovables.
- Reducir a taxa de abandono escolar e aumentar a taxa de titulados de ensino superior.
- Reducir en 20 millóns o número de persoas en risco de pobreza e exclusión social.

Co obxecto de acadar unha maior eficiencia no cumprimento dos obxectivos orzamentarios, apróbase a lei 12/2014, de 22 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

A dita Lei de acompañamento introduce varias novidades, entre as que destacan as modificacións no ámbito tributario, en concreto, en relación ao IRPF, modifica a dedución por nacemento e adopción, e duplica a dedución de vivenda cando a persoa contribuínte tivese dous ou máis fillos; establécense tamén dúas novas deducións, unha por doazóns que teñan por finalidade a investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica, e outra dedución pola instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización que empreguen fontes de enerxía renovables.

Por outra banda, o texto legal tamén modifica o tipo autonómico de devolución de gasóleo de uso profesional do Imposto sobre Hidrocarburos.

No que se refire aos tributos propios, modifícase o Imposto sobre contaminación atmosférica e créase o Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro.

Finalmente destacar no ámbito normativo, que no que respecta ao cumprimento das disposicións en canto a medidas preventivas, correctivas e coercitivas da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF), o orzamento para 2015 de Galicia, dotou o Fondo de Continxencia con 125,24 millóns de euros que, con carácter excepcional, poderá empregarse para financiar os axustes do capítulo 1, derivados da recuperación da paga extraordinaria e adicional do ano 2012.

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para 2015 ascendeu a 9.970,4 millóns de euros, un 4,8% (en



torno a 491 millóns de euros) menos que o aprobado no exercicio anterior, o que representa o 17,7% do PIB galego estimado para 2015 e supón 3.561,8 euros/habitante (**cadro 1.2.16.**).

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos. Esa situación de equilibrio acádase mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan información básica sobre o alcance e composición dos orzamentos.

Analízase a continuación, de xeito breve, a evolución dos principais datos económicos do orzamento recollidos no **cadro 1.2.17.**

Os ingresos non financeiros no orzamento de 2015 aumentaron en 321,78 millóns de euros, un 4,8% máis que no exercicio precedente, acadando os 8.022 millóns de euros.

Os ingresos correntes aumentaron un 4%, 287 millóns de euros. O Imposto sobre Sucesións e Doazóns incrementouse un 2,5% e tamén aumenta, ata os 58,7 millóns de euros, o Imposto sobre o Patrimonio un 24,4% debido á inclusión de novas bases derivadas da declaración tributaria especial e ás declaracións de bens no estranxeiro. A aparición do Imposto sobre Depósitos en Entidades de Crédito supón un incremento do concepto Resto do Capítulo 1 de 17 millóns de euros.

No que respecta ao Capítulo II, increméntanse tanto o Imposto especial sobre determinados medios de transporte como o tramo autonómico do Imposto sobre hidro-

1.2.16.

carburos. Polo contrario, o Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados experimenta un descenso do 2,2%, a causa do comportamento esperado da parte correspondente aos actos xurídicos documentados.

O Capítulo III (taxas, prezos públicos e outros ingresos) aumenta nun 6,9% en rela-

Funciós
1 Actuacións de carácter xeral
11 Alta dirección da Com. Autónoma
12 Administración Xeral
13 Xustiza
14 Administración local
15 Normalización lingüística
2 Protección civil e seguraza cidadá
23 Protección civil e segurade
3 Protección e promoción social
31 Acción social el promoción social
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento
4 Producción de bens públicos de carácter social
41 Sanidade
42 Educación
43 Cultura
44 Deportes
45 Vivenda
46 Outros servizos comunit. e sociais
5 Producción de bens públ. de carácter económico
51 Infraestruturas
52 Ordenación do territorio
53 Promoción do solo para actividades económicas
54 Actuacións ambientais
55 Actuacións e valorización do medio rural
56 Investigación, desenvolvemento e innovación
57 Sociedade da información e do coñecemento
58 Información estatística básica
6 Regulación económica de carácter xeral
61 Actuacións económicas xerais
62 Actividades financeiras
7 Regulación económica de sectores productivos e dto. empresarial
71 Dinamización económica do medio rural
72 Pesca
73 Industria, enerxía e minaría
74 Desenvolvemento empresarial
75 Comercio
76 Turismo
8 Transferencias a entidades locais
81 Transferencias a entidades locais
9 Débeda pública
91 Débeda pública
Total
(1) proxecto de orzamento 2015
Fonte: Consellería de Facenda, Orzamentos





Incremento consolidado de gastos da C.A. 2014-15: distribución funcional ⁽¹⁾

2014			2015			13/12	14/13	15/14
(en miles de euros)	(% / total)	(% / PIB)	(en miles de euros)	(% / total)	(% / PIB)	(%)		
211.454	2,1	0,4	231.480	2,4	0,4	-6,2	0,9	9,5
34.732	0,3	0,1	34.802	0,4	0,1	-5,4	-4,5	0,2
55.052	0,5	0,1	63.405	0,6	0,1	-14,7	1,9	15,2
110.214	1,1	0,2	114.184	1,2	0,2	0,3	4,3	3,6
4.377	0,0	0,0	12.349	0,1	0,0	-43,3	17,5	182,1
7.080	0,1	0,0	6.740	0,1	0,0	-23,1	-5,0	-4,8
19.562	0,2	0,0	33.585	0,3	0,1	-17,4	-5,4	71,7
19.562	0,2	0,0	33.585	0,3	0,1	-17,4	-5,4	71,7
752.388	7,3	1,4	768.458	7,8	1,4	-18,6	-2,0	2,1
565.294	5,5	1,0	571.208	5,8	1,0	-6,8	0,7	1,0
182.951	1,8	0,3	193.107	2,0	0,3	-39,6	-9,6	5,6
4.143	0,0	0,0	4.144	0,0	0,0	-35,6	0,0	0,0
5.654.386	55,0	10,4	5.678.947	58,0	10,3	-5,2	-1,1	0,4
3.397.080	33,0	6,3	3.408.721	34,8	6,2	-3,2	-0,6	0,3
2.046.716	19,9	3,8	2.048.218	20,9	3,7	-6,1	-1,0	0,1
61.273	0,6	0,1	57.944	0,6	0,1	-21,6	-1,5	-5,4
18.273	0,2	0,0	18.548	0,2	0,0	-12,1	-1,5	1,5
32.503	0,3	0,1	41.393	0,4	0,1	-44,0	-34,8	27,4
98.541	1,0	0,2	104.123	1,1	0,2	-7,4	-4,2	5,7
747.618	7,3	1,4	762.778	7,8	1,4	-10,7	1,0	2,0
268.812	2,6	0,5	264.021	2,7	0,5	-11,9	-4,7	-1,8
17.276	0,2	0,0	16.340	0,2	0,0	-22,5	-14,5	-5,4
44.051	0,4	0,1	43.619	0,4	0,1	319,5	158,6	-1,0
97.083	0,9	0,2	89.831	0,9	0,2	-19,1	-13,4	-7,5
115.069	1,1	0,2	137.121	1,4	0,2	-15,9	7,7	19,2
112.551	1,1	0,2	122.185	1,2	0,2	-12,2	9,1	8,6
88.677	0,9	0,2	85.687	0,9	0,2	3,9	-6,2	-3,4
4.100	0,0	0,0	3.972	0,0	0,0	-8,7	-4,1	-3,1
112.616	1,1	0,2	120.616	1,2	0,2	2,3	22,3	7,1
27.929	0,3	0,1	27.369	0,3	0,0	12,7	-11,0	-2,0
84.687	0,8	0,2	93.247	1,0	0,2	-2,4	39,5	10,1
594.795	5,8	1,1	561.936	5,7	1,0	-8,0	-15,3	-5,5
307.992	3,0	0,6	308.653	3,2	0,6	0,2	-6,2	0,2
78.483	0,8	0,1	53.896	0,6	0,1	-17,7	-28,1	-31,3
38.213	0,4	0,1	39.896	0,4	0,1	-16,8	-14,2	4,4
111.346	1,1	0,2	103.183	1,1	0,2	-7,0	-32,7	-7,3
15.529	0,2	0,0	13.407	0,1	0,0	-12,4	-16,3	-13,7
43.232	0,4	0,1	42.901	0,4	0,1	-28,7	20,5	-0,8
117.412	1,1	0,2	117.461	1,2	0,2	-2,7	-1,0	0,0
117.412	1,1	0,2	117.461	1,2	0,2	-2,7	-1,0	0,0
2.071.115	20,1	3,8	1.515.101	15,5	2,7	33,7	86,4	-26,8
2.071.115	20,1	3,8	1.515.101	15,5	2,7	33,7	86,4	-26,8
10.281.347	100	19,0	9.790.362	100	17,7	-3,8	8,5	-4,8

ción ao exercicio precedente, a causa do incremento de recadación previsto no Sergas.

Os ingresos de capital aumentan un 7% (en torno a 34 millóns de euros), como consecuencia fundamentalmente do comportamento das transferencias de capital que medran un 7,8%, a causa do incremento do aporte FEDER (46 millóns de euros máis que

no exercicio anterior), que compensa os menores ingresos procedentes do IFOP/FEP (22 millóns de euros menos).

Por outra banda, os gastos non financeiros presentan unha evolución positiva do 0,54%, o que supón 45 millóns de euros máis que no ano 2014. Esta evolución é consecuencia do incremento do 0,87%,



Orzamentos da C.A. 2014-15: principais datos económicos

	2014	2015	15/14
	(en millo de €)		(%)
Ingresos			
1. Impostos directos	1.908.115,0	2.014.898,6	5,6
Imposto sobre Sucesións e Donacións	173.070,3	177.489,9	2,6
Imposto Renda Persoas Físicas	1.687.890,7	1.761.748,7	4,4
Imposto sobre o Patrimonio	47.154,0	58.660,0	24,4
Resto capítulo 1	-	17.000,0	-
2. Impostos Indirectos	2.889.771,8	3.069.164,0	6,2
Imposto s/Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados	228.203,0	223.215,6	-2,2
Imposto sobre o valor engadido	1.600.802,7	1.782.597,2	11,4
Impostos especiais	960.402,9	959.962,4	-0,0
Resto capítulo 2	100.363,2	103.388,8	3,0
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	165.574,2	177.012,4	6,9
4. Transferencias Correntes	2.226.357,6	2.221.410,8	-0,2
Fondo de Superficie Global	161.927,8	175.507,6	8,4
Fondo de Garantía	1.024.667,2	1.096.427,9	7,0
Fondos de Conxerencia	248.580,0	259.080,0	4,2
Resto capítulo 4	791.182,7	690.395,3	-12,7
5. Ingresos Patrimoniais	24.058,1	18.884,5	-21,5
Operacións correntes	7.213.876,7	7.501.370,3	4,0
6. Enaxenación Inversións Reais	12.768,3	10.263,3	-19,6
7. Transferencias de Capital	473.725,9	510.516,2	7,8
Fondo de compensación interterritorial	62.996,7	58.894,2	-6,5
Resto capítulo 7	410.729,2	451.622,0	10,0
Operacións de capital	486.494,2	520.779,5	7,0
Operacións non financeiras	7.700.370,9	8.022.149,8	4,2
8. Activos financeiros	19.470,6	14.417,5	-26,0
9. Pasivos financeiros	2.507.405,6	1.699.811,3	-32,2
Total	10.227.247,2	9.736.378,6	-4,8
Gastos			
1.Gastos de persoal	3.366.915,7	3.382.029,2	0,4
2. Gastos correntes de bens e servizos	1.364.211,5	1.387.757,9	1,7
3. Gastos financeiros	351.663,7	335.914,0	-4,5
4. Transferencias correntes	1.941.188,1	1.960.344,4	1,0
5. Fondo de continxencia	105.000,0	125.238,6	19,3
Operacións Correntes	7.128.978,9	7.191.284,0	0,9
6. Investimentos reais	666.596,7	698.053,2	4,7
7. Transferencias de capital	540.822,1	492.043,8	-9,0
Operacións de Capital	1.207.418,8	1.190.097,1	-1,4
Operacións non financeiras	8.336.397,7	8.381.381,0	0,5
8. Activos financeiros	140.379,0	146.662,5	4,5
9. Pasivos financeiros	1.750.470,4	1.208.335,1	-31,0
Total	10.227.247,2	9.736.378,6	-4,8

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, Presupuestos de las Comunidades Autónomas

1.2.17.

62,3 millóns de euros, nas operacións correntes.

O incremento que se observa no Capítulo 1 (gastos de persoal), 15 millóns de euros máis, atribúese á dotación para a substitución de persoal ao servizo da Administración de xustiza, polo incremento do persoal docente e do persoal de orientación laboral.

Os gastos correntes en bens e servizos (Capítulo II) incrementa o seu importe en 23,5 millóns de euros. Así mesmo, dentro dos gastos correntes é destacable o descenso en máis de 15 millóns de euros dos gastos financeiros.

As transferencias correntes aumentan o seu crédito en máis de 19 millóns de euros, destacando neste punto o aumento de 8 mi-





Magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2015: relación cos saldos en Contabilidade Nacional

	Déficit (-) ou Superávit (+) orzamentario non financeiro		Déficit orzamentario non financeiro sen efecto Liq.Negat. 2008 e 2009, Conta 413 e inexecución		Capacidade (+) ou Necesidade (-) de financiación a efectos S.E.C.	
	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
Andalucía	-1.244.949,0	-0,8	-697.375,2	-0,5	-1.031.949,0	-0,7
Aragón	-364.534,0	-1,1	-236.158,6	-0,7	-235.634,0	-0,7
Asturias	-168.152,2	-0,8	-136.152,2	-0,6	-160.152,2	-0,7
Baleares	-371.482,5	-1,4	-286.482,5	-1,0	-194.953,1	-0,7
Canarias	-386.712,4	-0,9	-228.392,4	-0,5	-294.372,4	-0,7
Cantabria	-124.622,8	-1,0	-105.502,8	-0,8	-89.502,8	-0,7
Castela - A Mancha	-488.169,3	-1,2	-227.040,6	-0,6	-263.840,6	-0,7
Castela e León	-457.906,9	-0,8	-384.033,6	-0,7	-399.981,6	-0,7
Cataluña	-1.753.664,2	-0,9	-1.505.994,2	-0,7	-1.439.849,2	-0,7
Extremadura	-209.700,0	-1,2	-101.912,9	-0,6	-118.325,1	-0,7
Galicia	-359.231,3	-0,6	-274.231,3	-0,5	-403.231,3	-0,7
Madrid	-341.324,5	-0,2	-11.303,5	0,0	-1.367.903,5	-0,7
Murcia	-330.343,3	-1,2	-301.092,0	-1,1	-192.750,2	-0,7
Navarra						
País Vasco	-525.298,6	-0,8	-389.798,6	-0,6	-469.500,0	-0,7
A Rioxa	-96.206,0	-1,2	-45.856,0	-0,6	-45.356,0	-0,6
C. Valenciana	-848.911,3	-0,8	-677.335,5	-0,7	-698.335,5	-0,7
Total sen Navarra	-8.071.208,2	-0,7	-5.608.661,8	-0,5	-7.405.636,3	-0,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.18.

Necesidade de financiamento da C.A. 2015

	(en miles de €)
Saldo orzamentario	-3.599.231,3
Axustes conforme as normas SEC	-44.000
Liquidacións negativas do sistema de financiación	85.000
Intereses	-10.000
Inexecución	0
Recadación incerta	-35.000
Obrigas de exercicios anteriores (conta413/409)	0
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-86.000
Aportacións de capital a empresas públicas	0
Transferencias do Estado	0
Transferencias da UE	0
Reasignación de operacións	0
Investimentos de APP's	0
Resto de axuste	2.000
Capacidade / Necesidade de financiación	-403.231
% PIB	-0,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.19.

Ilóns de euros nos créditos destinados a cubrir os pagos da renda de integración social de Galicia. Así mesmo salienta o descenso en torno a 6 millóns de euros das transferencias para cubrir os gastos en farmacia por receitas médicas.

Fronte ao descenso das transferencias de capital, 49 millóns de euros menos, o capí-

tulo de investimentos reais aumenta, 31 millóns de euros máis.

Por todo o sinalado, o déficit do orzamento non financeiro ascende a 359 millóns de euros, que cos axustes de contabilidade nacional presentados no Informe Económico e Financeiro do Proxecto de Orzamentos 2015, acadaría o 0,7% do PIB, compatible



Orzamentos da C.A. 2014-15: clasificación funcional

	2014		2015		15/14
	(en miles de €)	(% sobre total)	(en miles de €)	(% sobre total)	(%)
Sanidade	3.397.079,9	33,0	3.408.721,5	34,8	0,3
Educación	2.046.716,4	19,9	2.048.218,4	20,9	0,1
Protección e Promoción Social	565.293,9	5,5	571.207,7	5,8	1,0
Débeda Pública	2.071.115,1	20,1	1.515.100,6	15,5	-26,8
Resto de funcións / políticas	2.201.141,9	21,4	2.247.113,4	23,0	2,1
Alta dirección da C.A.	34.732,2	0,3	34.802,1	0,4	0,2
Administración xeral	55.051,6	0,5	63.404,8	0,6	15,2
Xustiza	110.214,1	1,1	114.183,6	1,2	3,6
Administración local	4.376,6	0,0	12.348,8	0,1	182,2
Normalización lingüística	7.079,9	0,1	6.740,2	0,1	-4,8
Protección civil e seguridade	19.562,2	0,2	33.585,4	0,3	71,7
Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	182.950,6	1,8	193.106,7	2,0	5,6
Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.143,4	0,0	4.143,7	0,0	0,0
Cultura	61.273,2	0,6	57.943,5	0,6	-5,4
Deportes	18.272,7	0,2	18.548,1	0,2	1,5
Vivenda	32.502,7	0,3	41.393,3	0,4	27,4
Outros servizos comunitarios e sociais	98.541,3	1,0	104.122,6	1,1	5,7
Infraestruturas	268.811,8	2,6	264.021,2	2,7	-1,8
Ordenación do territorio	17.275,8	0,2	16.340,4	0,2	-5,4
Promoción de solo para actividades económicas	44.050,6	0,4	43.619,1	0,4	-1,0
Actuacións ambientais	97.082,7	0,9	89.831,4	0,9	-7,5
Actuacións e valorización do medio rural	115.068,7	1,1	137.091,4	1,4	19,1
Investigación, desenvolvemento e innovación	112.550,5	1,1	122.215,1	1,2	8,6
Sociedade da información e do coñecemento	88.677,3	0,9	85.687,4	0,9	-3,4
Información estatística básica	4.100,4	0,0	3.972,1	0,0	-3,1
Actuacións económicas xerais	27.929,2	0,3	27.368,8	0,3	-2,0
Actividades financeiras	84.687,3	0,8	93.246,9	1,0	10,1
Dinamización económica do medio rural	307.991,9	3,0	308.652,6	3,2	0,2
Pesca	78.482,7	0,8	53.895,8	0,6	-31,3
Industria, enerxía e minaría	38.213,1	0,4	39.895,8	0,4	4,4
Desenvolvemento empresarial	111.346,2	1,1	103.183,0	1,1	-7,3
Comercio	15.529,3	0,2	13.407,3	0,1	-13,7
Turismo	43.232,1	0,4	42.901,4	0,4	-0,8
Transferencias a entidades locais	117.411,8	1,1	117.460,8	1,2	0,0
Total	10.281.347,1	100,0	9.790.361,6	100,0	-4,8

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*; e Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.20.

co obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para Galicia (**cadros 1.2.18. e 1.2.19.**).

Dende o punto de vista da súa **distribución funcional**, tal como mostra o **cadro 1.2.20.**, a porcentaxe que representan as funcións relativas a Sanidade, Educación e Acción Social e Promoción Social é do 62% do orzamento de gastos, porcentaxe superior á acadada no exercicio anterior (59%). En relación ao orzamento 2014, destaca o incremento do 1% en Protección e Promoción Social, do 0,3% en Sanidade ou do 0,1% en Educación, de xeito que a suma destas políticas aumenta en máis de 19 mi-

llóns de euros. No extremo contrario, o gasto da función "Débeda Pública" redúcese en torno a 556 millóns de euros, un 26,8% menos que no exercicio 2014.

A comparación da evolución nos dous últimos exercicios dos créditos orzamentarios consignados para cubrir os servizos públicos fundamentais no conxunto das CCAA, mostra, tal como se observa no **cadro 1.2.21.**, que Galicia é a segunda Comunidade Autónoma que menos incrementa as partidas para Sanidade e Protección e Promoción social, e a terceira con menor incremento na partida de Educación, só superada neste caso por Aragón (-0,1%) e Canarias (0%).





Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2015: distribución funcional

	Sanidade		Educación		Seguridade, protección e promoción social		Débeda pública		Resto de funcións ou políticas	
	15/14		15/14		15/14		15/14		15/14	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Andalucía	8.413.908,3	2,5	6.584.442,1	2,5	2.856.413,0	1,5	2.642.963,8	-17,5	4.961.188,8	0,0
Aragón	1.588.676,9	-1,1	887.370,6	-0,1	319.318,0	5,8	815.332,3	-16,2	1.200.663,7	3,1
Asturias	1.487.118,6	0,7	722.331,7	0,5	491.685,6	5,3	473.980,0	1,0	750.988,1	16,5
Baleares	1.291.857,9	10,5	775.527,6	4,6	200.792,8	5,5	863.761,9	-10,1	879.514,7	11,4
Canarias	2.619.619,0	1,0	1.508.933,3	0,0	281.849,6	3,7	655.330,0	5,2	1.835.679,7	-3,8
Cantabria	788.821,6	0,3	492.266,8	1,2	210.612,7	0,2	400.242,8	4,8	608.087,7	4,5
Castela - A Mancha	2.384.736,2	1,4	1.443.472,4	1,7	758.163,6	1,9	1.682.393,7	5,6	1.139.536,7	7,9
Castela e León	3.252.486,4	2,3	1.809.320,6	2,1	708.079,9	3,1	1.079.036,0	-20,7	2.016.619,8	5,6
Cataluña	8.313.900,0	2,2	5.116.100,0	6,8	1.888.300,0	10,3	7.000.746,8	-11,1	7.001.982,1	12,0
Estremadura	1.376.952,0	6,1	1.019.533,5	2,8	419.227,8	9,6	479.307,6	10,1	1.471.801,7	11,8
Galicia	3.408.721,5	0,3	2.048.218,4	0,1	571.207,7	1,0	1.515.100,6	-26,8	2.193.130,4	2,1
Madrid	7.292.487,5	4,5	4.256.580,2	1,9	1.618.984,5	1,3	3.885.955,2	-15,0	3.798.501,3	12,5
Murcia	1.659.639,7	4,5	1.253.307,8	5,0	300.520,3	3,3	718.872,0	-14,7	709.868,3	17,8
Navarra										
País Vasco	3.384.678,4	4,5	2.485.758,8	1,0	633.015,1	15,7	989.517,4	21,4	3.102.989,4	3,5
A Ríoxa	397.009,5	4,5	233.361,2	1,1	169.955,7	3,6	137.181,0	-1,2	332.187,2	1,4
C. Valenciana	5.480.479,5	4,5	3.991.316,7	2,1	852.247,9	18,6	5.003.005,9	17,4	1.864.369,6	4,4
Total sen Navarra	53.141.093,1	2,4	34.627.841,5	2,6	12.280.374,3	5,3	23.056.580,0	14,4	37.025.126,9	16,4

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.21.

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2015

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro	Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento a efectos S.E.C.
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto. ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto. ingresos-gastos	Capítulo 9 ppto. gastos-ingresos	Capítulos 1 a 7 ppto. ingresos-gastos
	(en miles de €)	(en miles de €)	En (%) do PIB rexional	(en miles de €)	En (%) do PIB rexional
Andalucía	333.681,8	-1.578.630,8	-1.244.949,0	-0,8	-1.336.901,8
Aragón	-29.923,1	-334.610,9	-364.534,0	-1,1	-365.122,7
Asturias	-36.331,9	-131.820,4	-168.152,2	-0,8	-192.682,7
Baleares	-58.566,3	-312.916,3	-371.482,5	-1,4	-446.486,5
Canarias	-188.979,5	-197.732,9	-386.712,4	-0,9	-423.306,9
Cantabria	-1.279,6	-123.343,1	-124.622,8	-1	-134.394,0
Castela - A Mancha	-314.051,5	-174.117,8	-488.169,3	-1,2	-488.036,4
Castela e León	83.687,2	-541.594,2	-457.906,9	-0,8	-727.520,2
Cataluña	-1.601.706,3	-151.957,8	-1.753.664,2	-0,9	-2.312.325,8
Estremadura	-182.458,9	-27.241,1	-209.700,0	-1,2	-209.701,0
Galicia	310.086,3	-669.317,6	-359.231,3	-0,6	-491.476,3
Madrid	-436.756,6	95.432,1	-341.324,5	-0,2	-1.766.791,0
Murcia	-163.743,9	-166.599,4	-330.343,3	-1,2	-331.233,3
Navarra					
País Vasco	239.453,8	-764.752,4	-525.298,6	-0,8	-579.674,0
A Ríoxa	38.483,5	-134.689,6	-96.206,0	-1,2	-125.968,7
C. Valenciana	-428.372,7	-420.538,6	-848.911,3	-0,8	-863.354,5
Total sen Navarra	-2.436.777,5	-5.634.430,7	-8.071.208,2	-0,7	-10.794.975,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.22.



Débeda das CC.AA. 2013-14 ⁽¹⁾

	2013			2014		
	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)
Andalucía	24.441	2.912,01	17,3	29.101	3.469,00	20,4
Aragón	5.369	4.011,78	16,3	6.010	4.514,38	18,1
Asturias	3.052	2.858,21	14,3	3.479	3.285,25	16,2
Baleares	6.884	6.201,16	26,2	7.774	6.966,94	29,3
Canarias	5.281	2.508,51	13,0	5.954	2.815,34	14,5
Cantabria	2.178	3.691,29	17,9	2.428	4.131,49	19,8
Castela e León	8.527	3.385,71	15,9	9.359	3.750,07	17,3
Castela - A Mancha	11.343	5.415,89	29,8	12.858	6.196,04	33,5
Cataluña	58.179	7.776,98	29,5	64.476	8.693,90	32,4
C. Valenciana	32.459	6.508,70	33,2	37.376	7.540,92	37,9
Extremadura	2.630	2.388,81	15,5	3.092	2.820,08	18,0
Galicia	9.212	3.335,30	16,8	9.961	3.625,84	18,0
Madrid	22.104	3.445,83	11,3	24.632	3.861,85	12,5
Murcia	5.543	3.791,42	20,6	6.838	4.677,78	25,2
Navarra	3.136	4.908,06	17,7	3.197	5.023,18	17,9
País Vasco	8.280	3.803,39	13,0	8.915	4.113,67	13,9
A Rioxa	1.143	3.587,13	14,8	1.296	4.111,38	16,6
Total	209.761	4.488,99	20,0	236.747	5.090,00	22,4

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.23.

Na análise dos **indicadores da actividade económico-financeira** de Galicia, tomaremos como indicadores básicos orzamentarios o aforro ou desaforro orzamentario, o saldo das operacións de capital e o resultado non financeiro do ano 2015 en relación ao ano 2014 (**cadro 1.2.22.**).

O aforro bruto sitúase no orzamento 2015 nos 310 millóns de euros, fronte aos 85 millóns do exercicio precedente, como consecuencia da mellora dos ingresos correntes, causada á súa vez pola mellora do cadro macroeconómico e polo aprazamento das liquidacións negativas a 20 anualidades. Galicia, xunto con Andalucía, Castela e León, País Vasco e A Rioxa, forma o grupo de Comunidades con aforro bruto positivo no seu proxecto orzamentario do ano 2015.

No que respecta ás operacións de capital, o saldo entre ingresos e gastos de capital foi negativo en 669 millóns de euros. Como consecuencia, o resultado non financeiro do

orzamento 2015 é negativo en 359 millóns de euros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2015 é de 403 millóns de euros, tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Os axustes de contabilidade nacional pasan a ser negativos no presente exercicio pola minoración do axuste correspondente ás liquidacións negativas do sistema de financiamento, xa que ao aprazar dez anos máis a súa devolución, a Comunidade Autónoma pasa de devolver 206 millóns de euros ao ano a 85 millóns de euros anuais. Acadando o 0,7% do PIB para 2015, é dicir tres décimas menos, ou 172 millóns de euros de capacidade de endebedamento.

A débeda acumulada no ano 2014 en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano), segundo o avance do Banco de España, ascendeu ata 9.961 millóns de euros, o que





Recadación tributaria 2008-14

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
	<i>(en miles de euros)</i>						
Total	5.721.873	4.353.681	5.331.313	5.631.468	5.697.996	5.657.277	5.776.817
Impostos directos	3.977.499	3.146.673	3.425.875	3.493.619	3.594.894	3.618.470	3.784.378
IRPF	2.593.708	2.318.211	2.474.395	2.546.849	2.520.793	2.400.542	2.480.599
Impostos sobre sociedades	1.323.945	783.595	894.619	881.073	1.002.345	1.083.480	1.164.526
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	43.033	55.338	64.763	68.525	82.136	86.513
Resto capítulo I	1.846	1.834	1.523	934	3.231	52.312	52.740
Impostos indirectos	1.699.985	1.163.701	1.852.449	2.082.302	2.043.107	1.965.784	1.916.711
IVE	1.560.234	1.034.573	1.733.370	1.965.785	1.918.208	1.850.903	1.795.844
Impostos especiais	49.707	44.259	35.142	37.666	44.343	46.299	32.354
Tráfico exterior	88.720	82.974	81.794	76.059	77.864	65.643	83.655
Taxas e outros ingresos	44.389	43.307	52.989	55.547	59.995	73.023	75.728

Fonte: Agencia Tributaria, *Recadación tributaria*

■ 1.2.24.

representa o 4,2% da débeda total española. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia, cun incremento do 8,1% na súa débeda acumulada en relación ao ano anterior, é a terceira Comunidade que rexistra un menor incremento por detrás de Navarra (1,9%) e o País Vasco (7,7%). No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 12,9% (**cadro 1.2.23.**).

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB aumentou ata o 18%, sendo esta porcentaxe do 22,4% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante creceu tamén en relación ao período anterior ata acadar os 3.625,84 euros, situándose sen embargo, moi por debaixo da media estatal, que foi de 5.090 euros por persoa.

No que respecta aos indicadores económicos da recadación tributaria en Galicia, a recadación líquida total en Galicia creceu no ano 2014 un 2,1% respecto ao ano anterior, acadando os 5.776,8 millóns de euros, diminuíndo levemente o seu peso relativo no total estatal ata o 3,41%, (3,43% no exercicio precedente).

En termos absolutos, o **cadro 1.2.24.** indica que a recadación do IRPF acadou os 2.480,6 millóns de euros, e o imposto sobre

sociedades os 1.164,5 millóns de euros, o que supón un incremento na súa recadación do 3,3% e do 7,5%, respectivamente, en relación ao exercicio 2013.

No que respecta aos impostos indirectos, o IVE acadou unha recadación no ano 2014 de 1.795,8 millóns de euros, o que supón case un 3% menos que no exercicio 2013, en torno a 55 millóns de euros menos.


O 94,2% dos ingresos tributarios do ano 2014 proceden da recadación destes tres impostos.

Proceso de converxencia

Tal como se sinala ao longo do presente capítulo, a economía galega pecha o exercicio de 2014 cun crecemento interanual do PIB do 0,4%, fronte ao crecemento medio estatal do 1,4%, aumentando, polo tanto, o diferencial existente. Así mesmo, a Contabilidade Rexional de España, base 2010 publicada polo INE mostra un crecemento estimado no ano 2014 do PIB pm e do PIB per cápita en Galicia do 0,5% e 0,3% respectivamente, e cunha taxa negativa de variación interanual do PIB pm a prezos correntes do -0,2%. A ralentización do impulso do sector exterior e os menores efectos da recuperación económica sobre a demanda interna en Galicia en comparación



Participación da produción, a poboación e o emprego galegos ⁽¹⁾ no total español 2008-14



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta:30-03-2015); emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.25.

co resto do Estado, sitúan a nosa Comunidade na cola da recuperación económica en España.

En xuño de 2014 publicouse por parte da Comisión Europea o sexto Informe sobre a Cohesión Económica, Social e Territorial da UE.

Neste informe dáse conta do profundo impacto que a crise económica tivo nas rexións europeas, paralizando os procesos de converxencia rexional e aumentando os niveis de desemprego, pobreza e exclusión, cun maior impacto nas rexións menos desenvolvidas dos países máis afectados pola crise económica.

A política de cohesión europea, materializada a través da aplicación dos fondos "ESI" (Fondos Estruturais e de Investimento Europeos), está orientada a abordar as disparidades rexionais en termos económicos e a axudar na consecución dos obxectivos da Estratexia Europa 2020. Neste senso, cómpre salientar que no novo período de programación de Fondos, Galicia pasa a ser rexión desenvolvida, por ter acadado un PIB per cápita superior ao 90% da media euro-

pea no período 2007-2009, utilizado de referencia. Non obstante, a intensificación da crise económica afectou en maior medida ás rexións que partían dun PIB menor. Neste senso, no ano 2011, último dispoñible con información comparada entre rexións europeas, o Eurostat determina un PIB per cápita en Galicia do 87% da media europea en PPA (paridade de poder adquisitivo), fronte ao 92% do ano 2008.

● Converxencia coa media estatal

O peso da economía galega no PIB estatal baixa no ano 2014 ata o 5,16%, fronte ao 5,22% do ano anterior, acadando o valor máis reducido dende o ano 2004.

O PIB a prezos correntes no ano 2014 en Galicia sitúase en 54.212 millóns de euros, o que supón unha variación en termos nominais do -0,2% e en termos de volume do 0,4% respecto ao ano 2013. A nivel estatal, a variación do PIB en termos nominais acadou o 0,9% e en termos de volume o 1,4%.

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano o retroceso no proceso de converxencia coa media espa-





Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2000-14 ⁽¹⁾

	Converxencia fronte a España							Converxencia fronte á UE						
	(PIB / habitante)													
	2000	2008	2013	2014	14/00	14/08	14/13	2009	2010	2011	2012	2013	12/11	13/12
		(media España=100)				(variación absoluta)				(media UE-28=100)			(variación absoluta)	
Andalucía	74,2	76,7	74,8	74,1	-0,1	-2,6	-0,7	79	75	73	72	70	-1	-2
Aragón	104,8	109,8	109,7	109,6	4,8	-0,2	-0,1	114	110	108	103	103	-5	0
Asturias	84,0	92,0	89,0	89,3	5,3	-2,8	0,3	96	93	91	85	84	-6	-1
Baleares	125,7	105,9	104,9	105,1	-20,6	-0,9	0,1	109	104	101	99	99	-2	0
Canarias	97,7	87,3	85,8	86,0	-11,8	-1,3	0,2	87	84	82	81	81	-1	0
Cantabria	93,4	94,1	91,7	91,5	-1,9	-2,6	-0,2	100	96	94	87	86	-7	-1
Castela e León	90,6	92,4	95,0	95,4	4,7	3,0	0,4	99	96	95	89	89	-6	0
Castela-A Mancha	78,0	81,1	81,2	80,4	2,4	-0,8	-0,8	83	79	77	76	76	-1	0
Cataluña	121,6	116,7	117,7	118,5	-3,1	1,8	0,8	120	116	113	110	111	-3	1
C. Valenciana	95,3	90,1	87,5	88,1	-7,2	-2,0	0,6	91	88	85	82	82	-3	0
Extremadura	63,7	68,5	68,8	69,1	5,5	0,6	0,3	72	69	67	64	65	-3	1
Galicia	77,6	87,4	88,3	87,6	10,0	0,2	-0,7	92	90	87	83	83	-4	0
Madrid	133,9	132,5	136,2	136,1	2,2	3,6	-0,1	137	129	126	129	128	3	-1
Murcia	83,6	83,9	81,7	81,3	-2,3	-2,5	-0,3	86	83	79	77	77	-2	0
Navarra	127,3	124,1	123,4	123,5	-3,9	-0,7	0,0	130	126	124	116	116	-8	0
Pais Vasco	122,6	128,7	130,1	130,3	7,7	1,6	0,2	134	131	130	123	122	-7	-1
A Ríoxa	111,8	107,1	108,4	109,7	-2,0	2,7	1,3	113	110	109	101	102	-8	1
Ceuta	90,1	85,5	81,9	81,4	-8,6	-4,1	-0,5	94	88	83	77	77	-6	0
Melilla	88,7	80,5	74,7	74,4	-14,3	-6,2	-0,4	86	80	76	71	70	-5	-1
Total								103	99	96	94	94	-2	0

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; datos 2013 son provisionais; datos 2014 son primeira estimación

(consulta: 22-05-2015)

Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.26.

ñola, sendo Galicia unha das sete Comunidades Autónomas que diverxen coa mesma. Este indicador acada en 2014, os 87,6 puntos (España=100), sete décimas inferior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2008, o PIB por habitante medra dende o 87,4% da media estatal ata o devandito 87,6%. Unha mínima converxencia que se produce polo efecto da caída da poboación.

Tras esta evolución, Galicia sitúase como a sexta Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, tan só por riba do rexistrado en Extremadura (69,1% do valor español), Andalucía (74,1%), Castela-A Mancha (80,4%), Murcia (81,3%) e Canarias (86%).

● Converxencia coa media europea


Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante en Galicia no ano 2013

supoñen un descenso en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 83% da media da UE-28 (94% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a sétima Comunidade co menor índice, superando novamente a Extremadura (65%), Andalucía (70%), Castela-A Mancha (76%), Murcia (77%), Canarias (81%) e Valencia (82%).

O **cadro 1.2.26.** mostra que o proceso de converxencia das diferentes CC.AA. non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2000 e 2014, Galicia é a Comunidade que máis converge en termos de PIB/habitante, con 10 puntos de converxencia, seguida polo Pais Vasco, con 7,7 puntos. Tendo en conta a converxencia dende o ano 2008, Galicia aproxímase só en dúas décimas á media española.

A crise económica frea a senda de converxencia, producíndose un marcado proceso



Converxencia de Galicia e España fronte a UE-28 2000-13 e Galicia fronte a España 2001-14 ⁽¹⁾

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; datos 2013 son provisionais; datos 2014 son primeira estimación (consulta: 22-05-2015)
Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.27.

de diverxencia tanto do conxunto do Estado como de Galicia coa media europea, así como de Galicia coa media estatal. O datos provisionais para o ano 2013 parecen definir unha estabilización no proceso de diverxencia e un estancamento en porcentaxes en torno ao 94% da media europea de PIB per cápita de media no Estado e en torno ao 84% en Galicia. □